



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Coruña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA **DIA VENRES 28 DE XANEIRO DE 2022**

No salón de Plenos do CONCELLO DE FRADES, cando son as 13:30 horas do día venres 28 de xaneiro de 2022, a fin de celebrar Sesión ordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

Don Roberto Rey Martínez, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Jesús Francos Sánchez, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Enrique Astray Otero, D^a Aurelio Garea Portos, D. Manuel Míguez Villaverde; baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde-Presidente, e coa asistencia da Secretaria Accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

ORDE DO DÍA.

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta das sesións do Pleno celebradas o día 12 de novembro de 2021, o día 26 de novembro de 2021 e o día 30 de decembro de 2021.

De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real Decreto 2568/1989, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta o Sr. Alcalde se algún membro da corporación quere formular algunha observación á mesma. Non se formulan observacións, polo que o Pleno, por unanimidade **ACORDOU**:

ÚNICO.- Aprobar a acta das sesións do Pleno celebradas o día 12 de novembro de 2021, o día 26 de novembro de 2021 e o día 30 de decembro de 2021.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.-

Dáse conta dos decretos da Alcaldía, do exercicio 2021-2022 (dende a data de convocatoria do último Pleno ata a convocatoria do presente) que foran remitidos por correo electrónico aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno, concretamente os Decretos 210/2021-10/2022.

3.- ASUNTO: MOCIÓNS.

5.1 MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA EXIGIR AO PRESIDENTE DO GOBIERNO DE ESPAÑA O CESE DO MINISTRO DE CONSUMO POLOS SEUS ATAQUES A GANDERÍA E AO SECTOR CÁRNICO ESPAÑOL.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.dia.runa.es

Procédese polo Concelleiro Don Manuel Ferreiro Marzoa a lectura da seguinte moción:

“Según el Informe Anual de la Industria Alimentaria Española Periodo 2020-2021, publicado por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, la industria cárnica es:

- *la tercera en cuanto a número de empresas que lo integran: 3.641 empresas, el 11,9% del total de empresas que conforman la Industria Alimentaria Española.*

A este respecto hay que indicar que, según el referido informe publicado por el Gobierno de España, el 67% de esas empresas tienen menos de 10 trabajadores (y el 92,7% no alcanza los 50 empleados).

Es decir, esta industria está formada predominantemente por pequeñas explotaciones ganaderas de tipo familiar que ayudan a crear empleo y riqueza y, lo que es más importante, a fijar población en el mundo rural.

- *y en 2020 aportó casi 9.000 millones € de exportaciones a la balanza comercial de España contribuyendo a reducir el tradicional déficit comercial de nuestro país.*

Si hablamos de eficiencia, sostenibilidad y respeto al medio ambiente y al bienestar animal, la producción ganadera de carne representa únicamente el 5,8% del total de emisiones de Gases de Efecto Invernadero a nivel mundial; el 80% de las cuales se producen en países en vías de desarrollo.

Como prueba de que la industria cárnica española está firmemente comprometida en la defensa del bienestar animal, la Asociación Nacional de Industrias de la Carne de España (ANICE)- la mayoritaria en el sector- adoptó en 2019 el acuerdo de instalar cámaras de videovigilancia en mataderos, con objeto de supervisar el correcto cumplimiento de las condiciones de bienestar animal en los establecimientos de sacrificio.

Este acuerdo se tradujo en una solicitud formal, en octubre de 2019, a la Agencia Española de Seguridad Alimentaria y Nutrición (AESAN), para el desarrollo de la legislación correspondiente.

Además, este sector cumple con toda la regulación relativa al bienestar animal y seguridad y calidad alimentaria elaborada por el Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, el competente en la materia y que traspone las directivas que sobre estos aspectos se elaboran en la Unión Europea.

Frente a estos datos, Alberto Garzón, Ministro de Consumo del Reino de España no ha dudado en afirmar, en una entrevista concedida al periódico británico The Guardian, que España exportaba carne de mala calidad procedente de animales maltratados ("...they export this poor quality meat from these ill-treated animals").



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraides.dia.runa.es

Unas declaraciones que como hemos podido ver, revisando los datos publicados por el propio gobierno, son rotundamente falsas y demuestran o la profunda ignorancia de este miembro del gabinete o su abismal sectarismo o ambas cosas a la vez.

En todo caso, no es la primera vez que Alberto Garzón ataca a una de las industrias alimentarias más importantes de nuestro país y desprestigia a un sector que lleva años adaptándose a los nuevos estándares de sostenibilidad ambientes, bienestar animal y calidad alimentaria, que da trabajo a cientos de miles de españoles y es una herramienta fundamental para luchar contra la despoblación.

No es la primera vez ni es el único sector productivo español atacado por el Ministro de Consumo, ya son muchas las ocasiones y los sectores que han sido centro de las críticas y ataques por parte de un Ministro cuya misión es apoyarlos y si observa margen de mejora poner en marcha medidas, desde su departamento o conjuntamente con otros ministerios.

Por lo expuesto, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de FRADES, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

El Ayuntamiento de FRADES:

PRIMERO. - Exigir al Presidente del Gobierno la rectificación inmediata de las declaraciones realizadas por el Ministro de Consumo y el cese del mismo por sus reiterados ataques a uno de los sectores productivos más pujantes de nuestro país, el cárnico, que lleva años mejorando sus procesos para garantizar la más alta calidad alimentaria y el bienestar animal.

SEGUNDO. - Exigir al ministro de Agricultura, Pesca y Alimentación, competente en la materia, que, con los datos de que dispone, desmienta inmediatamente las afirmaciones de su compañero de gabinete y ponga en marcha una campaña nacional e internacional de defensa y apoyo al sector ganadero cárnico y las medidas necesarias para que dicho sector avance en sostenibilidad.

TERCERO. - Reconocer el gran trabajo realizado por los miles de ganaderos españoles, así como de los veterinarios e ingenieros agrónomos para hacer que el sector ganadero cárnico se adaptase a las nuevas exigencias, regulatorias y sociales, en materia medio ambiental, de bienestar animal y calidad y seguridad alimentaria alcanzando los máximos estándares de calidad en dichas materias”

O voceiro do BNG mostrase de acordo coas granxas, sobretodo en extensivo e ecolóxico que complementen con base territorial. O que realmente critica o ministro son as macrogranxas e as granxas de mala calidade e vendo que en Frades non existen e recoñecendo que non é un ministro excelente manifesta que non votará a favor.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fradesdiaruna.es

O voceiro do PSOE sinala que non sabe a quen responder, se ao PP de Madrid, ao de Castela e León...pasan os anos e o PP segue a empregar os mesmos métodos políticos. Tomando como referencia o libro “el gran error de a República” fala da estratexia da dereita española que xa de entón era erradas e que insiste en repetila, para a dereita todo é lexítimo, todo o que fan os outros e ilegal e buscan sempre a confrontación, polo que entende que debemos aprender e non seguir esa liña histórica. Citando a Suárez sinala que para o PP “todo vale” e cando se enterou da existencia da moción pensou que o PP de Frades non entraría no xogo de Casado, pero que se equivocaba.

Continua dicindo que o ministro non falaba de granxas en xeral, que desmentiu isto e matizou as súas palabras, incluso Pedro Sánchez mostrou o seu apoio ao sector gandeiro, non competendo a este Pleno cesar ou solicitar o cese de ministro algún. A maiores destaca a inexistencia de macrogranxas en Frades, polo que o Concello non se pode ver atacado.

Sinala que o goberno pon da súa parte para protexer o sector primario, xa que se dan 85 millóns de euros de axuda a este sector e 79 millóns de axudas a gandería sostible.

O concelleiro Don Manuel Ferreiro, pregúntase ¿qué é unha macrogranxa? ¿se existe algunha en España? Tras enumerar os requisitos de control e calidades sinala que entende que non existen esas supostas macrogranxas e que en todo caso é o goberno que permite o incremento do número de cabezas. Inda que en Frades non existen este tipo de gandería non existe debemos mirar en conxunto, a normativa é para todos, non se pode protexer aos que non cumpren, a esa xente hai que sancionala.

Respecto as axudas sinaladas polo voceiro do PSOE, sinala que non son tales, que se recortaron 5.000 millóns menos e é a primeira vez que non hai consenso nas axudas no sector primario, que o presuposto do Ministerio de agricultura e menos do 2%, que dos fondos europeos practicamente non se destinan a este sector. Finalmente sinala que o que non se pode permitir e que un ministro critique os produtos do seu país.

O voceiro do PSOE recrimina que Pablo Casado si que fala mal de España en relación cos fondos europeos.

O Alcalde sinala que non se pode admitir que un ministro fale mal dos produtos do pais que incluso membros do goberno do PSOE criticaron esta actuación.

O voceiro do BNG sinala que todos coñecen o concepto de macrogranxa, que é xente que inverte cartos a través de fondos de inversión opacos e sen base territorial, calcifícaos como puntos de contaminación indesexables e que en España sí que hai macrogranxas e estas arruínan as granxas familiares.

O concelleiro Don Manuel Ferreiro sonala que o voceiro do BNG parte dun erro de concepto.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Telef: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@fraidesdiaruna.es

O voceiro do PSOE, Aurelio, reconece que as declaracións fixeron dano a España pero que Pablo Casado está a facer o mesmo cos fondos europeos. A moción busca a defensa dos gandeiros pero a declaración do ministro so di que a carne de determinadas granxas e de peor calidade, non que se incumpra a normativa vixente.

Votacións:

Votos a favor: 7

3 PP

Votos en contra:

2 PSOE

1 BNG

Abstencións: 0

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

4.-ASUNTO: INFORMES.

1. O Alcalde informa das actividades realizadas neste Nadal 2021/2022:

- Campamento de Nadal con 41 participantes.
- Excursión a Xuvenilugo con 95 participantes.
- Visitas de Papa Noel (casas niño, preescolar e praza da Ponte).
- Visita do Paxe Real o Cpi de Ponte Carreira.
- Actuación Mago Dani Polo.
- Cabalgata de Reis

Suspendeuse a Andaina solidaria e a excursión a patinar e camas elásticas por aumento de casos covid e falta de asistentes.

2. O Alcalde informa da creación por parte da Xunta de Galicia dun novo Xeodestino turístico denominado “ Terras de Ordes” que se presentou en Fitur o 21 de Xaneiro.

Este Xeodestino vaino xestionar a Mancomunidade de Ordes en colaboración co GDR da comarca de Ordes “Asdecomor”.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

3. O Alcalde informa da situación covid no concello nestes momentos.

6.- ASUNTO: ROGOS E PREGUNTAS

6.1) Polo voceiro do BNG procédese a lectura do seguinte rogo:

“Facilitar o acceso a vivenda: Fixar e/ou ampliar a poboación nun concello rural depende cando menos de tres factores: emprego, servizos (educación, sanidade, atención á dependencia, transporte...) e dispoñibilidade de vivendas. O noso concello vén manifestando un envellecemento continuado da poboación e un devalo da mesma, polo que se fai obrigado incidir nos factores que poden contribuír a que a tendencia cambie.

Mais o certo é que, e nomeadamente no tocante á vivenda, o acceso a ela no concello de Frades é certamente difícil, mentres hai casas desocupadas e en proceso de deterioración. É tan difícil acceder a unha vivenda que o concello non só non dispón de vivendas sociais senón que mesmo carece delas para atender situacións de emerxencia, tal como se puxo de manifesto recentemente.

Polo expresado, o BNG formula o seguinte rogo.

Que o goberno do Concello de Frades adopte as medidas necesarias para, a maior brevidade, dispoñer de vivendas coas que atender situacións de emerxencia e, ademais, incorporar de inmediato políticas activas que faciliten o acceso a vivenda de familias de nova constitución no propio concello ou de familias procedentes de fóra del, especialmente para as de escasos recursos económicos.”

O Alcalde sinala que toma nota do rogo e que o acceso a vivenda é un problema que tamén afecta a Frades, hai máis demanda que oferta. Sinala que este ano o Concello crece en 6 persoas e que esta é unha boa noticia, inda que a comparativa nacementos fronte mortes inda é negativa.

Entende que é unha necesidade a existencia de máis vivendas, pero que o Concello só dispón dos locais sociais e a vivenda social é algo custoso. Se sae algunha axuda relacionada con esta materia pedirase, xa que os locais sociais non están adaptados para este tipo de usos.

O voceiro do PSOE, Enrique, solicita que se estude o asunto e Aurelio pregunta polo uso do local social de Pontecarreira por unha persoa sen recursos, que ?ata cando estará ocupado? O Alcalde contesta que simplemente ata que a situación da persoa mellore.

6.2) O voceiro do PSOE, Enrique, informa sobre a ruptura dunha tubaxe no lugar de Pumariño ao incorporarse unha pista de terra. Solicita que se revise a iluminación na Devesa.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 - FRADES (A Conña)
Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79
E-Mail: correo@frades.diaruna.es

O Alcalde toma nota do manifestado.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Alcalde levanta a sesión cando son as 15:00 horas, no lugar e data indicados, coa sinatura da Alcaldesa accidental e da Secretaria-Interventora accidental que dá fe.

A SECRETARIA Accidental

Alcalde

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Asdo.: D. Roberto Rey Martinez